

## DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS ADOPTADO NA SESIÓN DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2023.

**ASUNTO: INFORME SOBRE A CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2022. (EXPTE.- 2023005203).**

Unha vez formada polo Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2022, reúnense ós Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra, correspondente ó exercicio de 2022, nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

O Presidente da Comisión toma a palabra para indicar ós Sres./as. Deputados e Deputadas que o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2022 foi posta a disposición das persoas integrantes da Comisión nos prazos regulamentarios de acordo coa lexislación vixente para o seu exame e consulta.

O Presidente pregunta ós Sres./as. Deputados e Deputadas si teñen algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención

Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2022, obtívose o seguinte resultado:



- 1. Votos a favor: dez (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG
- 2. Votos en contra: ningún (0)**
- 3. Abstencións: sete (7)**, sendo os sete (7) do grupo provincial do Partido Popular

En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG, e a abstención dos Sres./as. Deputados e Deputadas do grupo provincial do Partido Popular, acorda:

1. Emitir informe favorable sobre a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2022, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta no expediente CIVIDAS número 2023005203.
2. Expoñer ó público a documentación que figura no expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2022 durante un período de quince días, nos termos establecidos no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, entendéndose este informe favorable da Comisión de Contas como definitivo si no citado prazo de exposición pública non se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación.

O Secretario accidental da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

